

O Decreto 13/2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 1 de febreiro, autorizou a implantación de estudos universitarios de Posgrao nas universidades do Sistema Universitario Galego conducentes aos títulos de mestrado, entre os que se atopaba o título de Máster Oficial en Educación, Xénero e Igualdade, que inclúe no seu plan de estudos o Practicum.

A Oficina de Igualdade de Xénero da USC, dependente da Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade, ten como misión fundamental levar a bo termo o compromiso da USC coa sociedade na consecución da igualdade real entre homes e mulleres.

A Vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade, mediante escrito de xaneiro de 2011 dirixido á Coordinadora do Máster en Educación, Xénero e Igualdade, manifesta a disposición desta Vicerreitoría para acoller alumnos do Máster en Educación, Xénero e Igualdade co fin de que poidan realizar as prácticas previstas na materia (P3021207) *Tutorías, Seminarios e Prácticas Laborais e Profesionais*.

En consecuencia, e tendo en conta a vontade da Universidade de potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos do Máster en Educación, Xénero e Igualdade, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado, esta Reitoría

#### RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas do alumnado do Máster en Educación, Xénero e Igualdade na Oficina de Igualdade de Xénero da USC.
2. Establecer que o réxime das prácticas será o seguinte:
  - A duración das prácticas que realicen os alumnos será dun máximo de 625 horas (25 créditos ECTS, nas que se inclúen todas as actividades que deba realizar o alumno: realización efectiva das prácticas, elaboración dunha memoria, titorización dos profesores do máster). Computarase un crédito por cada 25 horas de prácticas, sen poder superar os límites que, para estes efectos, establece o plan de estudos. Estas prácticas realizaranse no período que determinen conxuntamente la Coordinadora do Master e a Vicerreitora de Responsabilidade Social e Calidade, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
  - Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio
  - Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha para os alumnos. O feito de que o alumnado realice prácticas na Oficina de Igualdade de Xénero da USC non suporá ningún tipo de relación laboral con este Centro nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte
  - Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

91

- A Comisión Académica do Máster nomeará a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, a Oficina de Igualdade de Xénero da USC nomeará a un titor deste centro, que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas da Oficina de Igualdade de Xénero da USC.
- Soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
- Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación favorable, o responsable da Oficina de Igualdade de Xénero da USC emitiralle a cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, realizados.

A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2011

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Por Delegación do Sr. Reitor

(RR del 09.07.2010 – DOG del 06.08.2010

A Vicerreitora de Estudos de Grao e Posgrao



**SRA. COORDINADORA DO MÁSTER EN EDUCACIÓN, XÉNERO E IGUALDADE**  
**SRA. VICERREITORA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL E CALIDADE**  
**SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA**  
**SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA**